

1.1. DATOS IDENTIFICATIVOS DO GRUPO

Denominación	Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro A Mariña-Ortegal
Teléfono	982563355 - 606568506
Enderezo electrónico	gac1@accioncosteira.es
Representante legal	José Basilio Otero Rodríguez

1.2. RELACIÓN DE ENTIDADES ASOCIADAS

Figuran na actualidade como asociadas un total de 47 entidades.

1.3. COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Nº	POSTO	SECTOR	ENTIDADE
	Posto	Sector	Entidade
1	PRESIDENCIA	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de Burela
2	VICEPRESIDENCIA	Público	Concello do Vicedo
3	SECRETARÍA	Económico	Asociación Centro Comercial Histórico de Viveiro
4	TESOURERÍA	Social	Asociación Mar de San Ciprián
5	VOGAL	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de Ribadeo
6	VOGAL	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de Foz
7	VOGAL	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de San Cibrao
8	VOGAL	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de Celeiro
9	VOGAL	Pesqueiro	Confraría de Pescadores do Vicedo
10	VOGAL	Pesqueiro	Confraría de Pescadores do Barqueiro-Bares
11	VOGAL	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de Espasante
12	VOGAL	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de Cariño
13	VOGAL	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de Cedeira
14	VOGAL	Pesqueiro	Asociación de Redeiras Cabo Burela
15	VOGAL	Pesqueiro	Asociación de Redeiras de Cedeira
16	VOGAL	Pesqueiro	Asociación de Mariscadores do Vicedo
17	VOGAL	Pesqueiro	Asociación de Pescadores do Ortegal (ASPEGAL)
18	VOGAL	Pesqueiro	Asociación de Pescadores e Armadores da Baixura da Mariña de Lugo
19	VOGAL	Social	Asociación de Mujeres en Igualdad de Burela (BUMEI)
20	VOGAL	Social	Club Náutico As Forcadas
21	VOGAL	Económico	ACISA Ribadeo
22	VOGAL	Económico	ACIA Foz
23	VOGAL	Económico	ACIA Burela
24	VOGAL	Económico	ACIAM Xove
25	VOGAL	Económico	ACIA O Vicedo
26	VOGAL	Público	Concello de Xove
27	VOGAL	Público	Concello de Viveiro
28	VOGAL	Público	Concello de Ortigueira
29	VOGAL	Público	Concello de Cariño
30	VOGAL	Público	Concello de Valdoviño

1.4. DATOS RESUMO DO GRUPO

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) de A Mariña-Ortegal ten un total de 47 entidades sociais, das cales case o 40% pertencen ao sector pesqueiro, mentres que o sector público representa o 27,7%. O sector social e o sector económico contan co mesmo número de entidades, 8.

As entidades sociais do GALP agrupan un total de 2.865 persoas sociais, unha cantidade moi significativa da poboación, 3,4% da poboación total. Se tomamos en conta as entidades do sector pesqueiro agrupan un total de 1.408 persoas, o que representa o 69,6% da poboación traballadora no sector do mar.

TÁBOA 1. NÚMERO DE ENTIDADES SOCIAIS, PORCENTAXE E NÚMERO DE PERSOAS SOCIAIS SEGUNDO SECTOR

	NÚMERO	% REPRESENTACIÓN	NÚMERO DE PERSOAS SOCIAIS
Entidades sector pesqueiro	18	38,3%	1.408
Entidades sector social	8	17,0%	744
Entidades sector económico	8	17,0%	713
Entidades sector público	13	27,7%	N.C
Total entidades	47	100,0%	2.865

Na Xunta Directiva do GALP hai 16 homes e 14 mulleres, logrando case a paridade, mentres que no caso do asemblea as mulleres representan o 38,3% fronte ao 61,7% dos homes. A presenza das mulleres na Xunta Directiva e sobre todo na Asemblea é máis alta dentro das entidades do sector pesqueiro.

TÁBOA 2. NÚMERO DE MULLERES E HOMES NA ASEMBLEA XERAL E XUNTA DIRECTIVA SEGUNDO SECTOR

	ASEMBLEA			XUNTA DIRECTIVA		
	MULLERES	HOMES	TOTAL	MULLERES	HOMES	TOTAL
Representantes sector pesqueiro	11	7	18	8	7	15
Representantes sector social	1	7	8	1	2	3
Representantes sector económico	4	4	8	3	3	6
Representantes sector público	2	11	13	2	4	6
Total representantes	18	29	47	14	16	30

TÁBOA 3. PORCENTAXE DE REPRESENTANTES MULLERES NA XUNTA DIRECTIVA E ASEMBLEA XERAL SEGUNDO SECTOR

	% MULLERES	
	ASEMBLEA XERAL	XUNTA DIRECTIVA
Entidades sector pesqueiro	61,1%	53,3%
Entidades sector social	12,5%	33,3%
Entidades sector económico	50,0%	50,0%
Entidades sector público	18,2%	33,3%
Total entidades	38,3%	46,7%

Ningún grupo de interese ou autoridade pública, definida esta última de conformidade coas normas nacionais, ostentarán unha representación que supoña máis do 49% dos dereitos de voto na toma de decisións nos diferentes órganos de goberno do GALP, tal e como consta no artigo 32.1.b do Regulamento de disposicións comúns (Regulamento UE 1303/2013).

TÁBOA 4. PORCENTAXE DE REPRESENTACIÓN NA XUNTA DIRECTIVA E ASEMBLEA XERAL SEGUNDO SECTOR

	% REPRESENTACIÓN ASEMBLEA	% REPRESENTACIÓN XUNTA DIRECTIVA
Representantes sector pesqueiro	A representación por grupos ou autoridades públicas non superará o 49%, limitando así a capacidade de decisión nos órganos de goberno	
Representantes sector social		
Representantes sector económico		
Representantes sector público		

CAPÍTULO 2

DEFINICIÓN DA ZONA PESQUEIRA

ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO A MARIÑA-ORTEGAL

A zona pesqueira correspóndese con toda a franxa setentrional galega. O territorio enmárcase entre o Mar Cantábrico, a costa ártabra coruñesa e as estribacións norteñas das aliñacións montañosas das serras orientais e setentrionais galegas. Ocupa toda a franxa litoral cantábrica galega e o comezo da vertente atlántica ata o límite coa comarca de Ferrol. En certa medida as serras que se sitúan ao sur (Cadeira, Pousadoiro, Carracedo, Lourenzá, A Toxiza, O Xistral, Montalén e a terminación meridional da Faladoira) confírenlle un certo illamento, separando esta zona do resto de comarcas (Fonsagrada, Meira, Terra Chá e Eume).


Esta zona caracterízase tamén pola súa diversidade a tódolos niveis, tanto dende o punto de vista abiótico como dende o biótico e/ou paisaxístico, o que se traduce nunha ampla rede de espazos protexidos.

A zona pesqueira reúne no seu interior dúas áreas que se caracterizan por elementos xeográficos comúns, se ben difiren notablemente no seu nivel de dinamismo demográfico e económico. A área oriental presenta indicadores de crecemento dentro dunha provincia, a de Lugo, que nos mesmos indicadores rexistra valores negativos. A occidental, amosa un comportamento recesivo que contrasta co relativo dinamismo da provincia á que pertence, A Coruña. En conxunto a zona presenta decrecemento de poboación entre 1999 e 2003, ten unha poboación máis envellecida que no conxunto de Galicia e cunha menor densidade de poboación.

MAPA 1. SITUACIÓN DO TERRITORIO DO GALP A MARIÑA-ORTEGAL EN GALICIA



MAPA 2. CONCELLOS DO GALP MARIÑA-ORTEGAL



TÁBOA 5. POBOACIÓN E SUPERFICIE DOS CONCELLOS DO GALP A MARIÑA-ORTEGAL

CONCELLO	POBOACIÓN CONCELLO	SUPERFICIE KM
Barreiros	2.994	72
Burela	9.660	8
Cariño	4.241	47
Cedeira	7.147	85
Cervo	4.369	78
Foz	9.899	100
Mañón	1.455	82
Ortigueira	5.997	210
Ribadeo	10.010	109
Valdoviño	6.796	88
Vicedo, O	1.882	76
Viveiro	15.932	109
Xove	3.456	89
GALP A Mariña-Ortegal	83.838	1.155

Fonte: Padrón municipal de habitantes. Estatísticas sobre territorio. IGE

A Mariña lucense está vertebrada territorialmente, posúe boas comunicacións, está máis urbanizada, ten unha economía diversificada e está inserida en fluxos económicos de ámbito suprarrexional que a atravesan.

Ortegal, do lado coruñés, apenas ten rematado un tramo menor da vía de alta capacidade chamada a artellala, que servirá para paliar o seu illamento tanto a respecto da parte occidental como a respecto da área urbana de Ferrol. Posúe núcleos de poboación máis modestos e unha economía moito máis dependente da actividade marítimo-pesqueira e forestal, con indicadores de renda e PIB por habitante menores. Trátase da zona costeira de Galicia máis castigada pola emigración xuvenil. Esta realidade fai que o conxunto da zona teña un nivel de renda inferior ao conxunto de Galicia.

As razóns para considerar ambas áreas como parte dun todo son fundamentalmente de dous tipos:

- Xeográficas: A súa distancia ás principais cidades galegas, e en especial ás cidades máis dinámicas, dada a situación de declive socioeconómico de Ferrol, forza a considerar o conxunto como unha unidade. Ademais, o potencial que ten a explotación turística do enorme patrimonio paisaxístico e medioambiental deste eixo setentrional das Rías Altas galegas, suxire a súa combinación nun produto único que comparta imaxe e promoción.
- De cohesión social: Tódolos tramos costeiros de Galicia alternan concellos e comarcas con distinto tipo de dinamismo socioeconómico. Considerar por separado zonas diferentes neste sentido, como son as do GALP A Mariña-Ortegal, cuxa recuperación pasa, cando menos parcialmente, pola busca de sinerxías en común, redundaría no abandono das áreas máis deprimidas.

O mercado laboral presenta características similares ás do conxunto de Galicia, se ben apunta maiores dificultades para a poboación máis cualificada, e posúe unha orientación a actividades de baixo valor engadido tradicionalmente presentes na área: turismo e construción. A contratación rexistrou en 2014 magnitudes superiores ás do comezo da crise, aínda que iso débese fundamentalmente á temporalidade e precarización dos contratos, fundamentalmente nos tramos de idade máis novos e entre as mulleres.

ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO A MARIÑA-ORTEGAL

Cabe salientar a presenza na área do GALP dun porto de competencia estatal, asociado á actividade da factoría de aluminio Alcoa e das súas auxiliares.

Arredor da actividade pesqueira xira a historia económica destes concellos, así como boa parte da actividade da maioría dos principais núcleos de poboación. Os principais portos en descargas e valor, Celeiro (Viveiro) e Burela, mantiveron durante os últimos anos o volume de vendas rexistrado, e a pesar da crise e máis de que o número de persoas empregadas se reduciu como consecuencia da mesma. Este dato reflicte unha adaptación positiva ás condicións do mercado. Maiores dificultades experimentan os portos occidentais de Cariño e Cedeira.

No que atinxe ao turismo, o territorio do GALP A Mariña-Ortega posúe unha infraestrutura hoteleira e de turismo rural moi importante. A zona da Mariña Lucense é unha das investigadas regularmente polo INE e para a que se dispoñen de estatísticas profusas sobre o sector. O principal reto que afronta é a transición de complementar o tradicional turismo de hotel e praia co paisaxístico e medioambiental, para o cal cómpre reorientar a oferta existente e aumentar e diversificar a oferta de empresas de servizos de turismo activo.

O conxunto do GALP presenta, a pesar da incidencia dos indicadores negativos da zona de poñente nos valores globais, en canto a equipamentos educativos ou servizos públicos de saúde e asistencia social, indicativos dunha boa calidade de vida. Advírtese, porén, unha destrución do emprego asociado aos servizos asistenciais.

Cabe destacar que o sector pesqueiro e marisqueiro de todo o territorio, ten máis ou menos os mesmos problemas de falta de relevo xeracional, poucos recursos e falta de compradores. Sobre todo no eido do marisqueo seguen unha forma de explotación dos bancos moi similar. Ademais, en base á experiencia do Grupo de Acción Costeira A Mariña-Ortega, funcionando dende o ano 2009 ata o de agora, podemos dicir que os 13 concellos da Mariña e Ortega, funcionan como un todo, aínda que sexan de comarcas e provincias distintas.

TÁBOA 6. PRINCIPAIS DATOS GALP A MARIÑA-ORTEGAL E GALICIA

	GALP A MARIÑA-ORTEGAL	GALICIA
Número de municipios	13	315
Superficie (Km ²)	1.155	29.575
Número habitantes	83.838	2.748.695
Densidade de poboación	72,6	92,9
Evolución da poboación (1999-2003)	-2,3%	1,3%
Renda dispoñible bruta por habitante	14.728,9	14.965,4
Indicador municipal de renda dos fogares	98,4	100
Indice de envellecemento	183,9	146,1
Peso do sector pesqueiro	8,8%	3,9%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE